

2023

RÉXIME SANCIONADOR



FAGAL
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA



FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

R/República Checa, nº52.
Santiago de Compostela
981595121
www.fagal.org

ÍNDICE

INFRACCIÓNS	2
SANCIÓNS	5
INFRACCIÓNS DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA.	7
PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	8
PRESCRICIÓN	9

As faltas dos membros asociados, previa denuncia enviada por correo postal ou correo electrónico á oficina técnica de FAGAL (fagal@fagal.org ou administracion@fagal.org) de parte prexudicada, poderán ser obxecto de expediente sancionador, que se instruirá de acordo coas regras previstas para estes expedientes pola normativa sancionadora administrativa.

A tales efectos, a Xunta Directiva designará un/a Instrutor/a e un/a Secretario/a, que pescudarán os feitos e, unha vez comprobados, cualificaranos como moi graves, graves, ou leves, propoñendo a imposición dunha sanción.

Do prego de cargos formulado por Instrutor/a e Secretario/a darase traslado ao presunto infractor, para que, en calquera e todo momento coñeza que condutas se lle imputan, a fin de que poida formular as alegacións e descargos que procedan.

No exercicio da potestade disciplinaria respectaranse os seguintes principios xerais:

1. Proporcionalidade coa gravidade da infracción, atendendo á natureza dos feitos, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.
2. Inexistencia de dobre sanción polos mesmos feitos.
3. Aplicación dos efectos retroactivos favorables
4. Prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas no momento da súa comisión.

Instruído o expediente, darase traslado á Xunta Directiva que, sendo as faltas moi graves, graves ou leves, impoñerá a sanción correspondente.

INFRACCIÓNS

As infraccións ou faltas dos Membros Asociados poden ser: moi graves, graves ou leves.

Se a falta é considerada moi grave, a Xunta Directiva poñerá en coñecemento da primeira Asemblea Xeral que se celebre con posterioridade á instrución, a fin de que sexa ela a que impoña a sanción

- a) Son consideradas **faltas moi graves**:
 1. Todas aquelas actuacións que prexudiquen ou obstaculicen a consecución dos fins da Federación, cando teñan consideración de moi graves.
 2. O incumprimento ou as condutas contrarias ás disposicións estatutarias e/o regulamentarias da federación, cando se consideren como moi graves.
 3. O incumprimento dos acordos validamente adoptados polos órganos da federación, cando se consideren moi graves.
 4. A revelación ou difusión non autorizada de informacións ás que tivese acceso como consecuencia do seu cargo ou posición dentro da Federación.
 5. A protesta ou actuacións airadas e ofensivas que impidan a celebración de asembleas ou reunións do órgano de representación.
 6. Participar, formular ou escribir, mediante calquera medio de comunicación social ou ante calquera responsable de administración pública, manifestacións que prexudiquen de forma moi grave a imaxe da Federación.

7. A usurpación ilexítima de atribucións ou competencias sen contar coa preceptiva autorización do órgano competente da federación.
8. A comisión de polo menos tres infraccións graves.
9. A conduta vexatoria cara a calquera membro da comunidade de persoas con demencia, os seus familiares ou calquera empregados ou directivos da FAGAL.
10. Toda expresión oral ou escrita que redunde en descrédito, menosprezo, ou minusvaloración de calquera outro membro asociado da FAGAL., os seus empregados ou directivos.
11. A falta de pago de tres cotas anuais, sempre que, unha vez formulado o oportuno requirimento de pago, non se produza o mesmo no prazo de tres meses.
12. O incumprimento grave e reiterado das obrigacións legais ou estatutarias, así como a realización de actuacións contrarias aos principios ou fins de FAGAL.
13. Calquera outro incumprimento grave ou reiterado dos demais deberes que resultan dos presentes estatutos.

b) Son consideradas **faltas graves**, todas aquelas condutas reiteradas, que sen ser constitutivas de falta moi grave, dificulten a convivencia no seo das Federación ou dos seus órganos. Tamén se considera falta grave a reiteración na falta de pagamento de dúas cotas anuais, ou do pago puntual, na súa data, das mesmas sempre que, unha vez formulado o oportuno requirimento de pago, non se produza o mesmo no prazo de tres meses.

1. O incumprimento das obrigacións dos membros, manifestado na infracción dos Estatutos e deste Regulamento.
2. O incumprimento inxustificado dos acordos da Xunta de Directiva ou a Asemblea Xeral da Federación dentro do ámbito da súa competencia estatutaria.
3. A comisión de polo menos tres infraccións leves.
4. No caso das persoas físicas que ocupen cargos de dirección dentro da Federación ou circunstancialmente atópanse colaborando coa mesma nas comisións que puidesen formarse, serán infraccións graves:
 - a. A subtracción ou o destino a usos alleos aos fins da Federación dos caudais ou efectos postos ao seu cargo por razón das súas funcións.
 - b. A adopción de acordos ou toma de decisións manifestamente inxustas descoñecendo o establecido nos estatutos e no Regulamento.
 - c. A deslealdade e o incumprimento maliciosos das funcións inherentes ao seu cargo.
5. A revelación ou difusión de informacións de carácter interno ás que tivese acceso por razón do seu cargo ou posición sempre que producise un dano a un membro da Federación.
6. Participar, formular ou escribir mediante calquera medio de comunicación social ou ante calquera responsable de administración pública, manifestacións que prexudiquen de forma grave a imaxe da federación.
7. O incumprimento ou as condutas contrarias ás disposicións estatutarias e/o regulamentarias da federación, cando se consideren como graves.

8. O incumprimento dos acordos validamente adoptados polos órganos da federación, cando teñan a consideración de grave.
 9. En xeral, as condutas contrarias á boa orde federativa, cando se consideren como graves.
- c) Son consideradas **faltas leves**, aquelas condutas inadecuadas ou faltas da urbanidade debida, que, sen ser constitutivas de faltas graves, cren tensións ou xeren desgusto nas actividades da Federación ou na Asemblea
1. Impedir ou poñer obstáculos ao cumprimento dos fins da Federación.
 2. Obstaculizar de calquera xeito o funcionamento dos órganos de goberno ou xestión da Federación.
 3. Manter no seo da Federación unha conduta reprobable pola súa manifesta deslealdade cara ao resto de membros.
 4. Non levar preparado e decidido na Asemblea Xeral o contido das propostas correspondentes á orde do día dunha Asemblea Xeral.
 5. No caso das persoas físicas que ocupen cargos de dirección dentro da Federación ou circunstancialmente atópanse colaborando coa mesma nas comisións que puidesen formarse, serán infraccións leves:
 - a. Inasistencia a unha convocatoria ás que deba acudir por razón do seu cargo sen causa xustificada.
 - b. O manifesto desinterese ou negligencia no cumprimento dos seus deberes.
 - c. A falta de respecto continuada aos membros da Xunta Directiva cando actúen no exercicio das súas funcións ou aos membros participantes na Asemblea Xeral.
 6. A falta de pagamento dunha cota anual, salvo que exista causa que o xustifique a criterio do órgano de representación e sempre que, unha vez formulado o oportuno requirimento de pago, non se produza o mesmo no prazo de tres meses.
 7. Todas aquelas condutas que impidan o correcto desenvolvemento das actividades propias da federación, cando teñan a consideración de leve.
 8. Non participación reiterada nas actividades colectivas organizadas pola Federación.
 9. O incumprimento ou as condutas contrarias ás disposicións estatutarias e/o regulamentarias da federación, cando se consideren como leves.
 10. En xeral, as condutas contrarias á boa orde federativa, cando se consideren como leves.

SANCIÓNS

- a) As faltas moi graves:
 - 1. As sancións susceptibles de aplicación pola comisión de infraccións moi graves serán a perda da condición de entidade socia ou a suspensión temporal en tal condición durante un período dun ano a catro anos, en adecuada proporción á infracción cometida. Poderase abrir un proceso de revisión da sanción pasados dous anos se se considera que as circunstancias da suspensión temporal foron modificadas.

- b) As faltas graves:
 - 1. Suspensión dos dereitos derivados da condición de membro por un prazo non inferior a seis meses nin superior a un ano.
 - 2. No caso das persoas físicas:
 - a. separación do cargo
 - b. suspensión do exercicio do cargo por un período non inferior a seis meses nin superior a un ano

- c) As faltas leves:
 - 1. Apercibimento por escrito ao membro que cometese a sanción.
 - 2. Suspensión dos dereitos derivados da condición de membro por un período non superior a seis meses
 - 3. No caso das persoas físicas
 - a. Reprensión privada
 - b. Suspensión do exercicio do cargo por un período non superior a tres meses.

A imposición das correspondentes sancións levará aparellada no seu caso a esixencia dos danos e prexuízos económicos a que dese lugar a conduta do infractor

No caso de que algún membro ou persoa física que o represente, puidese incorrer nalgunha das infraccións descritas neste Regulamento, incoarase expediente sancionador, a solicitude de calquera membro dirixido á Xunta Directiva ou por iniciativa da propia Xunta Directiva.

Incoado o expediente sancionador, inmediatamente, a Xunta Directiva nomeará un instrutor/a ou secretario/a do mesmo de entre os seus membros e ao mesmo tempo, a apertura do expediente será notificada ao interesado para que faga as alegacións oportunas no prazo dun mes para contar desde esta notificación. Tal comunicación deberá incluír os cargos que se lle imputan, nome do instrutor e posible sanción.

Durante o tempo que dure a fase de alegacións para o suposto infractor, o instrutor, poderá solicitar toda a información e facer as verificacións á súa entender necesarias para o esclarecemento dos feitos.

Finalizado o período de alegacións, o instrutor deberá someter á Xunta Directiva, proposta de resolución na que se indiquen os cargos que se imputan ao membro supostamente infractor, breve resumo das alegacións feitas polo mesmo, así como da proba practicada polo instrutor, e a sanción que este último propón para que sexa imposta.

En calquera momento do procedemento, o imputado poderá coñecer a totalidade das actuacións e documentos que consten no expediente.

A Xunta Directiva, en caso de infracción grave, acordará sobre o arquivo das actuacións ou a súa remisión á Asemblea Xeral Extraordinaria para que acorde sobre a procedencia de impoñer ou non a sanción proposta.

No caso de infracción leve, será a propia Xunta Directiva a que acorde sobre a imposición ou non da sanción correspondente.

Os acordos sancionatorios tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva, así como os de arquivo de actuacións, deberán ser comunicados ao interesado polo Secretario da Xunta Directiva.

Tamén poderá sancionarse condutas individuais, instando á entidade á cal pertenza a persoa, a que actúe conforme os estatutos.

En caso de incumprir esta obrigaición por parte do Membro Asociado, considerarase unha falta grave, e poderá ser sancionada o propio Membro Asociado, sen prexuízo de inhabilitar ao particular, ata un prazo de dez anos, no exercicio de calquera cargo na Federación.

INFRACCIÓNS DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA.

1. Considéranse infraccións moi graves susceptibles de ser cometidas polos membros da Xunta Directiva, individual ou conxuntamente por parte de todos ou dalgúns membros:

- a. A non convocatoria nos prazos e condicións legais, de forma sistemática e reiterada, dos órganos da federación.
- b. A incorrecta utilización dos fondos da federación.
- c. O abuso de autoridade e a usurpación ilexítima de atribucións ou competencias.
- d. A inactividade ou abandono de funcións que supoña incumprimento moi grave dos seus deberes estatutarios e/o regulamentarios.
- e. Manter unha conduta reprobable pola súa manifesta deslealdade cara ao resto de membros, cando teñan consideración de moi graves.
- f. A utilización, revelación ou difusión non autorizada de informacións ás que tivese acceso como consecuencia do seu cargo ou posición dentro da Xunta Directiva que perxudique de forma moi grave ó conxunto da Federación ou a unha ou varias asociacións membro.

2. Considéranse infraccións graves susceptibles de ser cometidas polos membros da Xunta Directiva, individual ou conxuntamente por parte de todos ou dalgúns membros:

- a. Non facilitar ás entidades socias a documentación da federación que por aquelas lle sexa requirida (estatutos, actas, normas de réxime interno ou outras).
- b. Non facilitar o acceso das entidades socias á documentación da entidade.
- c. A inactividade ou abandono de funcións cando causen prexuízos de carácter grave ao correcto funcionamento da federación.
- d. Manter unha conduta reprobable pola súa manifesta deslealdade cara ao resto de membros, cando teñan consideración de graves.
- e. A utilización, revelación ou difusión non autorizada de informacións ás que tivese acceso como consecuencia do seu cargo ou posición dentro da Xunta Directiva que perxudique de forma grave ó conxunto da Federación ou a unha ou varias asociacións membro.

3. Teñen a consideración de infraccións leves susceptibles de ser cometidas polos membros da Xunta Directiva, individual ou conxuntamente por parte de todos ou dalgúns membros:

- a. A inactividade ou abandono de funcións, cando non teñan a consideración de moi grave ou grave.
- b. A non convocatoria dos órganos da asociación nos prazos e condicións legais, salvo causa xustificada.
- c. As condutas ou actuacións contrarias ao correcto funcionamento do órgano de representación.
- d. Manter unha conduta reprobable pola súa manifesta deslealdade cara ao resto de membros, cando teñan consideración de leve.

- e. A utilización, revelación ou difusión non autorizada de informacións ás que tivese acceso como consecuencia do seu cargo ou posición dentro da Xunta Directiva que perxudique de forma leve ó conxunto da Federación ou a unha ou varias asociacións membro.

PROCEDIMENTO SANCIONADOR

1. Para a adopción das sancións sinaladas anteriormente, tramitarase un expediente disciplinario no cal a persoa xurídica ou física presuntamente responsable ten dereito a ser oída con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias e a ser informado/a de os feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado, no seu caso, o acordo que impoña a sanción.
2. A instrución dos procedementos sancionadores corresponde á Xunta Directiva, nomeándose para ese efecto por esta como instrutora a un membro da mesma. En caso de tramitarse un expediente contra un membro da Xunta Directiva este non poderá formar parte do órgano instrutor e deberá absterse de intervir e votar na reunión da Xunta Directiva que decida a resolución provisional do mesmo.
3. O instrutor acordará a práctica daquelas dilixencias previas que estime oportunas ao obxecto de obter a oportuna información sobre a comisión de infracción por parte da presunta responsable, elevando proposta de resolución motivada á Xunta Directiva.
4. Á vista desta información a Xunta Directiva poderá mandar archivar as actuacións (informando á persoa denunciante dos motivos que causan arquivo e daráselle un prazo de 15 días para achegar nova documentación) ou acordar a incoación de expediente disciplinario. Neste último caso, o instrutor dará traslado á persoa investigada dos feitos e responsabilidades que se lle imputan, aos cales poderá contestar alegando no seu defensa o que estime oportuno no prazo de quince (15) días, transcorridos os cales, pasarase o asunto á primeira sesión da Xunta Directiva, a cal acordará o que proceda. O acordo debe ser adoptado pola maioría absoluta, excluindo do cómputo ao número de membros que, no seu caso, deban absterse de intervir por dirixirse contra eles o expediente.
5. A resolución que se adopte terá carácter provisional.
6. A entidade socia ou o membro da Xunta Directiva poderá formular recurso ante a Asemblea Xeral no prazo de quince (15) días a contar desde o día seguinte a aquel en que reciba a resolución.
7. De non formularse recurso no prazo indicado, a resolución devén firme e executiva.
8. A Asemblea Xeral adoptará a resolución que proceda en relación co expediente sancionador en caso de recurso, quedando autorizada a comunicación dos datos e documentos precisos, incluídos os datos persoais necesarios para esta finalidade.

PRESCRICIÓN

1. As infraccións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo trátase das moi graves, graves ou leves, comezándose a contar o prazo de prescripción ao día seguinte á comisión da infracción.
2. O prazo de prescripción interromperase pola iniciación do procedemento sancionador, con coñecemento da interesada, pero se este permanecese paralizado durante tres (3) meses por causa non imputable á expedientada, volverá correr o prazo correspondente.
3. O prazo máximo para resolver e notificar á interesada será de seis (6) meses a contar desde o inicio do expediente sancionador.
4. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo trátase das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves, comezándose a contar o prazo de prescripción desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción.